

DON JAVIER PASTOR DIAZ MOSQUERA, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.

C E R T I F I C O : Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 25 de novembro de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“3. PROPOSTA PARA A MODIFICACIÓN DA LS NOMINATIVAS DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO DO PES DO CONCELLO DE FERROL PARA AS ANUALIDADES 2025 E 2026. (EXPEDIENTE CIVIDAS 2024024186). Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Participación Cidadá, que textualmente di:

“A XGL na sesión do 12/02/2024 aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ferrol para o período 2024-2026 (BOP núm. 39 do 23 de febreiro de 2024).

No anexo I do PES 2024-2026 atópase a Liña estratéxica 1 de Promoción Económica e Emprego con dúas liñas de subvención (LS 1.1 axudas e subvencións para apoiar e dinamizar os sectores económicos estratéxicos e a LS 1.2. subvencións nominativas).

As subvencións nominativas recollidas no PES 2024-2026 referidas á Asociación Teima Down Ferrol (5.000€) e á Confederación de Empresarios Ferrolterra, Eume e Ortegal (50.000€) soamente viñan previstas para a anualidade 2024.

Con data do 12/11/2024, o concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego ordenou iniciar o expediente para a inclusión das subvencións nominativas de Emprego no anexo de subvencións do orzamento 2025.

A proposta remitida á Intervención Municipal inclúe tamén na anualidade 2025 a continuidade das dúas entidades arriba indicadas:

Entidade	Concepto	Importe
Asociación Síndrome de Down TEIMA Ferrol (G15458060)	Gastos derivados do desenvolvemento do servizo de Formación Sociolaboral e Emprego	5.000, 00€
Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER) (G70199112)	Colaboración para a posta en marcha actividades de promoción industrial, captación de talento no exterior, e impulsar o desenvolvemento de proxectos vinculados as estratexias de desenvolvemento de política industrial das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal	50.000,00€

Ao tratarse de dúas entidades cuxas axudas se aprobaron por primeira vez na anualidade 2024, non dispoñemos de datos sobre os resultados obtidos nin contamos con valoracións de anualidades anteriores. Non obstante, dende a concellería de Promoción Económica e Emprego, se manifesta a necesidade de continuar na anualidade 2025 coa axuda destas dúas entidades en canto que:

- A Asociación Síndrome de Down TEIMA Ferrol, é a única entidade no termo municipal de Ferrol encargada a traballar con estes colectivos e a súa labor na procura da integración

sociolaboral e persoal das persoas con down e outras discapacidades intelectuais resulta imprescindible.

- No referido á axuda coa Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal, resaltar a importancia da colaboración entre Administracións públicas (Concello-Xunta) e entidades que agrupan a empresa privada para fomentar o desenvolvemento socioeconómica da cidade e comarca.

Ao respecto da tramitación do expediente de subvencións nominativas a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións no artigo 8.1 establece que:

“Os órganos das Administracións Públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación....”

Así mesmo, segundo o apartado 6 do PES 2024-2026 do Concello de Ferrol, establécese que: *(..)* *“O presente Plan terá unha vixencia de tres anualidades, abarcando así o período 2024-2026, sen prexuízo de que algunhas das liñas de subvención puidesen ter unha vixencia inferior ou se vaian incorporando outras.*

(...) Dentro de cada unha das liñas poderá actualizarse ou modificarse calquera aspecto do seu contido, bon polos resultados nos informes de seguimento en canto á consecución de obxectivos ou a adecuación dos recursos investidos, ben por outros motivos debidamente xustificadas.

Tamén indica que:

(...)“Doutra banda das modificacións orzamentarias que pretendesen introducir algunha das liñas de subvención non prevista no presente PES, debería previa ou simultaneamente modificarse este.”

Normativa

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Título X da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ferrol (BOP 200, de 21/10/2019) modificada (BOP núm. 191 do 03/10/2024)
- Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ferrol para o período 2024-2026 (BOP núm. 39 do 23/02/2024)

Competencia

En virtude do acordo de data 22/01/2024 (BOP núm. 23 do 31/1/2024) o órgano competente para resolver é a Xunta de Goberno Local.

Segundo o apartado 4 do PES 2024-2026 ((BOP núm. 39 do 23 de febreiro de 2024) as modificacións puntuais que abranguen unha anualidade que vaian xurdindo nos tres anos de vixencia aprobaranse pola XGL a proposta do responsable de área competente.

Polo exposto, **proponse á Xunta de Goberno Local** a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a modificación puntual da LS 1.2 Subvencións nominativas de Promoción Económica e Emprego para incluír nas anualidades 2025 e 2026 a previsión das seguintes subvencións nominativas e os seus indicadores de seguimento:

Anualidade 2025, incluír:

Entidade	Importe
Asociación Síndrome de Down TEIMA Ferrol (G15458060)	5.000, 00€
Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (G70199112)	50.000,00€

Anualidade 2026, incluír:

Entidade	Importe
Asociación Síndrome de Down TEIMA Ferrol (G15458060)	5.000, 00€

Indicadores de seguimento a avaliación continua:

	Indicadores	2025	
2026			
Asociación Teima	Núm. usuarios atendidos prep. laboral	12-14 alumnos	14-16 alumnos
Down-Ferrol	Núm. empresas prospectadas prep. laboral	7-10 empresas	10-20 empres
Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal	% execución subvención concedida	75%	
	Núm. reintegros da subvención	< 30%	
	Núm. empresas contactadas	< 30 empresas	
	Núm. proxectos empresariais a avaliar	< 5 proxectos	

Segundo.- Dar publicidade desta modificación do PES 2024-2026 do Concello de Ferrol no portal de transparencia da web municipal e no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, de acordo co disposto nos artigos 13 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvención”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita ”

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Ferrol, 25 de novembro de 2024

Vº e Pr

ALCALDE

José Manuel Rey Varela

O concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local

Javier Pastor Díaz Mosquera